



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Bases e convocatoria para a selección dun oficial de primeira albanel, un peón albanel e dous peóns de limpeza dentro do plan de emprego local (PEL 2025)

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía nº 516/2025 de data 16/04/2025, acordouse aprobar as bases de selección dun oficial de primeira albanel, un peón albanel e dous peóns de limpeza viaria a xornada completa dentro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2025 e creación de bolsa de emprego

BASES QUE REXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUN OFICIAL DE PRIMEIRA ALBANDEL, UN PEÓN ALBANDEL E DOUS PEÓN S DE LIMPEZA A XORNADA COMPLETA DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O ANO 2025

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de selección de catro persoas desempregadas, en risco de exclusión social para a súa posterior contratación como oficial de primeira albanel, peón albanel e peóns de limpeza viaria para a prestación de servizos básicos municipais, no marco da subvención que lle foi concedida ao Concello de Oroso pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar o emprego nos concellos ao abeiro das Bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025 (BOP nº 200, do 16 de outubro de 2024).

Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

BASE SEGUNDA. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, regulado na Disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, segundo a modificación introducida pola Disposición Final 2ª do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ó tratarse de contratos ligados ao Plan de Emprego Local, (PEL) que desenvolve a Deputación Provincial da Coruña, entendéndose englobado dentro do concepto de políticas activas de emprego regulado no artigo 36 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro.

A xornada laboral será a tempo completo, que se prestará de luns a venres.

A xornada laboral ordinaria será de quenda de mañá ou de tarde de acordo co horario ordinario previsto para o resto do persoal do concello, sen prexuízo que debido a necesidades da obra pódase requirir a presenza do traballador noutros horarios, coa compensación oportuna de conformidade co convenio colectivo vixente, polo cal o traballador terá dispoñibilidade horaria plena.

O contrato terá unha duración de 6 meses, en todo caso, a súa duración non pode exceder do 31/12/2025, tal como establecen as citadas bases da Deputación da Coruña.

As funcións a realizar son as seguintes:

Prazas oficial de 1ª albanel e peóns de albanel: A execución de obras de reparación e mantemento de bens públicos

Prazas de peón de limpeza: Apoio ao servizo de limpeza viaria

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, de 25 de decembro).

BASE TERCEIRA. RETRIBUCIÓN

O importe das retribucións dos traballadores serán as correspondentes segundo a táboa salarial por grupos profesionais para o persoal non incluído na relación de postos de traballo do Concello de Oroso para o exercicio económico en vigor para o grupo IV-D no caso do oficial de primeira e para o grupo V-E no caso dos peóns.

BASE CUARTA. PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://sede.oroso.gal/sxc/gl/index.html>), así coma no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*.

Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*.

Será posible a publicación simultánea das bases de selección e da convocatoria do proceso de selección.

Os resultados das probas, as citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, medio exclusivo de notificación aos interesados, sen prexuízo de que aos efectos de conseguir unha maior difusión potestativamente se poderán publicar na web do Concello de Oroso.

A publicación das listas de admitidos e excluídos, listados de aprobados, resolucións de nomeamentos e demais documentos realizarase contendo o nome e apelidos dos aspirantes así como o número parcial do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

BASE QUINTA. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES

1.- Para poder ser admitidos no presente proceso de selección deberán reunir e manter en todo momento os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación.
3. Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria (ESO), Graduado Escolar, Certificado de Estudos Primarios, ou calquera outro título equivalente aos anteriores.
4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas. No caso de nacionais doutros estados non atoparse inhabilitado nin en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
5. Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións do posto.
6. Os aspirantes ao posto de oficial de primeira albanel deberán estar en posesión do carnet de conducir clase B dada a necesidade de ter que desprazarse cos vehículos municipais aos lugares de execución do traballo.
7. Os requisitos para concorrer están referidos ao derradeiro día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.
8. As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia na data de inicio do proceso selectivo e no momento de formalización do contrato.

Dado que se trata dun plan de integración laboral, soamente poden ser contratados aquelas que estean en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. Deberase acreditar cun informe de vida laboral actualizados

- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Deberase acreditar mediante fotocopia do certificado de minusvalía, expedido por órgano competente.
- e) Persoas en situación de drogodependencia. Deberase acreditar cun informe dos servizos sociais municipais do concello onde resida
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego. Deberase acreditar cun informe dos servizos sociais municipais do concello onde resida.
- g) Persoas en fogar monoparental Deberase acreditar cun informe dos servizos sociais municipais do concello onde resida
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, Deberase acreditar cun informe dos servizos sociais municipais do concello onde resida.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero. Deberase acreditar cun informe dos servizos sociais municipais do concello onde resida
- j) Persoas sen fogar, Deberase acreditar cun informe dos servizos sociais municipais do concello onde resida.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

BASE SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os interesados deberán presentar no prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES contados dende a publicación do anuncio de convocatoria e das presentes bases no Boletín Oficial de Provincia, a seguinte documentación:

1. Solicitud de participación anexa ás Bases.
2. Fotocopia de DNI ou documento identificativo, (so no caso de que a documentación non sexa presentada de xeito electrónico).
3. Documentación acreditativa da situación de desemprego e de pertencer a un colectivo en exclusión laboral segundo os requisitos específicos recollidos na base 5ª
4. Copia do CELGA 2 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen estar exentos da realización da proba de aptitude de coñecemento de galego.
5. Copia do carnet de conducir clase B. (so para o caso dos aspirantes á praza de oficial de primeira albanel).

A presentación de solicitudes realizarase por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c), d) e e) do artigo 16.4, os aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telegrama ou fax (981691786) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, sen que en ningún caso se teñan en conta aquelas instancias que cheguen ao concello mais alá dos 4 días naturais a contar desde o remate do prazo para a presentación de solicitudes.

No caso de querer presentar de xeito electrónico a instancia poderá realizalo a través da sede electrónica do Concello de Oroso: <https://sede.orosoe.es>

En todo caso non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao Concello máis alá dos 4 días naturais dende o prazo de remate de presentación de solicitudes.

BASE SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía , ditará resolución na que se publicará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello(<https://sede.orosoe.es>).

Os aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles para a subsanación de deficiencias, dende a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello(<https://sede.orosoe.es>).

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal e o lugar e data da celebración das probas selectivas.

BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente Un funcionario ou laboral fixo designado pola alcaldía.

Secretario: Un funcionario designado pola alcaldía que terá voz pero non voto.

Vogais: Alomenos tres vogais designados pola alcaldía que deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

Os/as vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superiora á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación á probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei 40/2015.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes, esta se poderá realizar en acto público coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o Secretario.

O Tribunal de selección decidirá por maioría de votos. No caso de empate este resolverase polo voto de calidade do Presidente do Tribunal.

BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección efectuarase polo sistema de oposición que consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: Consistirá na realización dunha **proba práctica**, de carácter obrigatorio, relacionada coas funcións propias dos postos de traballo obxecto da convocatoria, a determinar polo tribunal avaliador, nun tempo máximo que tamén determinará o tribunal segundo a dificultade do exercicio. Este exercicio é eliminatorio e será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo excluídos/as os/as aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos.

Valorarase a rapidez na execución da mesma, precisión e limpeza dos traballos.

Segundo exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 2 ou equivalente) terán unha proba de galego, que será cualificada como apto ou non apto.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente.

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención

BASE DÉCIMA. FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABAJO

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse tres listas (unha de oficial de primeira, outra de peón albanel e outra de peón de limpeza viaria) dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo segundo a orde de puntuación obtida por cada unha das categorías existentes.

De se producir empate na puntuación final, dirimirase por sorteo.

A acta do tribunal de selección elevarase á Alcaldía para que dite resolución de aprobación das tres listas de aspirantes.

Os aspirantes contidos nas ditas listas poderán ser contratados durante a súa vixencia sempre e cando, antes da súa contratación, acrediten os extremos requiridos na correspondente convocatoria de Programa da Deputación Provincial

da Coruña PEL CONCELLOS , (ou as subseguintes posteriores que sexan convocadas no seu caso) de integración laboral mediante a contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, ou establecidos nas presentes bases polo Concello de Oroso e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade. Ademais, con carácter previo a súa contratación, deberán presentar recoñecemento médico polos servizos do Concello, que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

As listas de aspirantes que se creen terán unha vixencia de tres anos dende a publicación das bases no BOP. Non obstante, a dita lista quedará anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproban novas listas de aspirantes.

O funcionamento da bolsa rexeráse polas seguintes normas:

-Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento o/a interesado deberá comunicar ao concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración do número de contacto, aínda que esta alteración teña carácter transitorio, e como mínimo realizaranse dúas chamadas.

O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a ser contratado, e sen prexuízo de que o aspirante o comunique tamén de xeito formal. De non atender ó chamamento, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición de ser contratado.

De manifestar a súa disposición, a alcaldía ditará resolución de requirimento – a resolución será publicada na sede electrónica (taboleiro de anuncios) do concello e desde ese momento empezarán a contar os correspondentes prazos (sen prexuízo da posibilidade de comunicar tamén dita circunstancia por vía telefónica ou por correo electrónico)- para que acrediten os extremos requiridos, presenten recoñecemento médico polos servizos do Concello, que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e declaración xurada de non estar incurso en inhabilitación para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

Se no prazo que se sinale, o aspirante non presenta a documentación requirida ou non acredita os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior entres outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).

De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ao seguinte aspirante da lista.

Ó rematar o contrato, o/a aspirante retornará ao posto que lle corresponda na lista aprobada.

Unha vez presentada a documentación que corresponda, o Alcalde ditará resolución de nomeamento a favor do aspirante que corresponda, e asinará o contrato laboral nun prazo de cinco (5) días naturais.

BASE UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE OROSO, con dirección PRAZA ISAAC DIAZ PARDO Nº1, 15888 - A CORUÑA; info@orosogal.

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE OROSO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: info@orosogal

BASE DUODÉCIMA.-RECURSOS.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, segundo

o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior; as solicitudes de revisión de exame poderán ser presentadas no prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio de cualificacións da proba. Tales solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar desde a presentación da mesma.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE.**

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., C.P....., teléfono.....

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de _____ mediante contratación en réxime laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral., de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía _____

Para tal efecto fai constar:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria.
- 2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º.- Que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude.
- 4º.- Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación

SOLICITA:

Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega:

- Fotocopia de DNI ou documento identificativo, (so no caso de que a documentación non sexa presentada de xeito electrónico).
- Documentación acreditativa da situación de desemprego e de pertencer a un colectivo en exclusión laboral segundo os requisitos específicos recollidos na base 5ª
- Copia do CELGA 2 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen estar exentos da realización da proba de aptitude de coñecemento de galego.
- Copia do carnet de conducir clase B. (so no caso de aspirantes para a praza de oficial de primeira albanel).

En a de de 2025

SR ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO

Oroso, 16 de abril de 2025

O alcalde

Alexánder Doval Expósito

2025/2469